

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ROSAL, O

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DO ROSAL

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza reguladora da concesión de axudas de emerxencia social do Concello do Rosal, cuxo texto íntegro faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DO ROSAL

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. RÉXIME XURÍDICO

As axudas ás que se refire esta ordenanza rexeranse polos preceptos básicos establecidos na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

A concesión das prestacións municipais baixo a denominación de emerxencia social rexerase polo disposto na presente ordenanza e polas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento.

ARTIGO 2. OBXECTO

Esta Ordenanza ten por obxecto establecer un conxunto de dereitos e recursos de carácter municipal e específicos para a cidadanía do Concello do Rosal en situación e/ou risco de exclusión social.

Igualmente regula as condicións de acceso da veciñanza do Rosal ás prestacións municipais contempladas nesta Ordenanza.

A finalidade destas axudas é dar unha resposta rápida e inmediata ás necesidades das persoas ou unidades familiares que se atopen nunha situación de carencia urxente para que poidan evolucionar cara á súa autonomía e integración social, xa que estas axudas son un apoio temporal.



Dado que o réxime normativo e as atencións á que respondan as axudas económicas que son obxecto desta ordenanza serán sempre temporais para paliar as necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por unha situación de emerxencia, terán que estar necesariamente enmarcadas nun proceso de intervención social se así o determina o persoal técnico de servizos sociais, no que se inclúa unha análise completa da situación familiar. Terán en todo caso carácter finalista, debendo ser utilizadas para o fin para o que se concederon, son intransferibles, sendo necesario para a súa concesión a existencia de crédito nos orzamentos municipais do Rosal.

ARTIGO 3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O ámbito subxectivo de aplicación desta ordenanza ven determinado por aquelas persoas que acorde co Sistema Galego de Servizos Sociais sexan valoradas como persoas en situación ou risco de exclusión social, de acordo coas definicións e criterios previstos na normativa estatal e autonómica vixente en cada momento.

ARTIGO 4. DEFINICIÓNS

Prestacións: as prestacións recollidas nesta Ordenanza son prestacións económicas de pago único que teñen por obxecto atender situacións de carácter urxente, transitorio e puntual. Situacións que deberán estar incardinadas nun proceso de intervención social que inclúa unha análise da situación individual e familiar por parte do/a traballador/a social de referencia.

Emerxencia social: Situación de necesidade económica grave e urxente, con afectación severa á saúde e/ou ao benestar dunha persoa ou dunha familia especialmente no que atinxe á alimentación, vestido, vivenda, asistencia médica e outras atencións básicas.

Itinerario de inclusión activa: Ferramenta técnica de intervención social dirixida á inclusión social dunha persoa ou grupo. Tomará en consideración se a persoa titular e/ou algunha/s persoa/s da súa unidade de convivencia atópanse en situación ou risco de desemprego ou infraemprego; de exclusión residencial ou infravivenda; de carácter persoal e/ou familiar; ou que de calquera outra índole incidan na situación de risco ou exclusión e, en función da diagnose social individualizada, conterà as actuacións previstas para a inclusión da persoa solicitante e da súa unidade de convivencia.

Residencia efectiva: Residencia habitual, vivir habitualmente e de xeito ininterrompido.

Residencia colectiva: conxunto de persoas físicas que convivan nun mesmo enderezo sen manter os vínculos dunha unidade de convivencia.

Residente: persoa física que ten a súa residencia habitual no municipio do Rosal.

Situación ou risco de exclusión social: situación avaliada tecnicamente seguindo os criterios previstos na normativa estatal ou autonómica vixente en cada momento.

Transeúnte: persoa que se atopa no territorio do municipio do Rosal sen residir nel.



Xoves, 9 de xuño de 2022

Núm. 110

Unidade familiar de convivencia: conxunto de persoas físicas que convivan nun mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.

ARTIGO 5. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas individuais ou unidades familiares de convivencia empadroadas e residentes no concello do Rosal, que carezan de medios económicos e nas que concorran factores de risco ou emerxencia social e precisen dunha axuda para satisfacer as súas necesidades básicas, sempre como un apoio á intervención social. Poderá excepcionalmente xustificadamente este requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema.

Cando, por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento, unha familia se vexa obrigada a residir con outra, non perderá a condición de unidade de convivencia independente.

ARTIGO 6. REQUISITOS

1.—Ser maior de idade ou menor emancipado/a.

2.—Acreditar a situación de risco ou exclusión social. Ter sido avaliada a situación de risco ou exclusión social, polos servizos sociais municipais. A documentación acreditativa deste requisito será o informe dos servizos sociais municipais, emitido polo/a traballador/a social de referencia.(exceptuando o art 9.2 a).

3.—Estar empadroado ou ter residencia legal e efectiva de xeito ininterrompido no termo municipal do Rosal cunha antigüidade mínima de tres meses inmediatamente anteriores e continuados á data de presentación da solicitude, agás as excepcións previstas na normativa autonómica de inclusión social vixente en cada momento. Poderá excepcionalmente xustificadamente este requisito en casos singulares e urxentes como poden ser as persoas en situación de necesidade extrema.

4.—En todo caso quedarían exceptuados da condición de Residencia legal os/as seguintes: Mulleres vítimas de violencia de xénero que muden de domicilio por cuestións de seguridade e se empadren no Rosal. Igualmente persoas emigrantes galegas nos termos sinalados no artigo 3 do estatuto de autonomía cando fixen a súa residencia en Galicia. Tamén quedarán exceptuadas aquelas persoas que teñan recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente ou a súa solicitude admitida a trámite ou autorizada a súa permanencia no estado español por razón humanitarias ou de interese social segundo a normativa vixente. Por último quedarán excluídas deste requisito as persoas vítimas de trata de seres humanos ou mulleres estranxeiras vítimas de violencia con autorización de residencia nos termos que establece a normativa de aplicación en materia de estranxeiría.

5.—Acreditar a situación de necesidade de acordo co baremo do artigo 10.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:C1R1047XH8EAJHF3



Xoves, 9 de xuño de 2022

Núm. 110

6.—No caso de unidades familiares con menores, estes deberán estar escolarizados e non poderá estar activado ningún protocolo de absentismo.

7.—Achegar a documentación requirida en cada caso.

8.—Aceptación expresa por parte do/a solicitante das condicións que figuran no deseño da intervención social, se é o caso.

9.—No caso de ter expediente aberto nos servizos sociais, que a unidade familiar cumprira co plan de traballo e/ou seguimento establecido polos servizos sociais comunitarios, básicos ou polo servizo especializado.

TÍTULO II. AS PRESTACIÓNS PARA AFRONTAR SITUACIÓNS EMERXENCIA SOCIAL. XESTIÓN E PROCEDEMENTO

ARTIGO 7: FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.—As solicitudes, acompañadas pola documentación especificada no artigo 8, formalizaranse conforme aos modelos que se publicarán xunto con esta ordenanza e, presentaranse no rexistro municipal correspondente ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.—De forma excepcional, os expedientes poderán ser incoados de oficio, mediante informe social emitido polo persoal técnico de servizos sociais, cando concorran circunstancias extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen.

3.—As solicitudes das axudas de emerxencia social poderán presentarse en calquera momento do ano.

ARTIGO 8. DOCUMENTACIÓN

A solicitude (anexo I) deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1.—Fotocopia do DNI ou NIE dos membros da unidade familiar.

2.—Certificado de empadramento e convivencia do solicitante, no que se acredite unha antigüidade mínima de 3 meses.

3.—Acreditación dos ingresos económicos de todos os membros da unidade familiar a través de:

a.—Nóminas, recibos, xustificantes de pensións, certificados do INEM ou calquera outro documento que acredite os ingresos da unidade familiar durante os últimos tres meses.

b.—Fotocopia do IRPF do ano corrente ou do ano anterior dependendo a data da solicitude ou certificado negativo da Axencia Estatal da Administración Tributaria. Excepto causas apreciadas polo/a traballador/a social.



Xoves, 9 de xuño de 2022

Núm. 110

c.—Naqueles casos nos que non acheguen a documentación específica sinalada sobre os ingresos, solicitarase declaración xurada.

d.—Extracto das contas bancarias dos últimos tres meses de todas as persoas integrantes da unidade familiar que se atopen en idade laboral.

1.— Documentos acreditativos da situación de necesidade determinantes da solicitude.

2.—Compromiso de destinar a axuda a finalidade para que resulte concedida (Anexo II).

3.—Declaración responsable de outras axudas e o importe recibido para a mesma finalidade, ou non ter recibido ningunha. (Anexo III).

4.—Certificado do concello do Rosal de bens urbanos, rústicos, IAE, titularidade de vehículos, así como declaración xurada de posesións de bens urbanos, rústicos, IAE e titularidade de vehículos a nome de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia.

Se é o caso:

- Certificado de discapacidade.
- Fotocopia do libro de familia.
- No caso de separación ou divorcio, sentenza e convenio regulador así como xustificacións ou non aportacións do/a cónxuxe.
- Contrato de aluguer. No caso de débeda contraída co propietario ou propietaria da vivenda, declaración deste/a que así o acredite; e no caso de vivenda compartida ou pensións, declaración do propietario ou propietaria do custo por cuarto ou contrato de habitación.
- Prescrición médica emitida polo/a facultativo/a do SERGAS nos casos de axudas para necesidades de atención sanitaria.
- Calquera outro documento que poidan solicitar desde o departamento de servizos sociais.

ARTIGO 9: CLASIFICACIÓN DAS PRESTACIÓNS

1.—Necesidades Básicas

De carácter Xeral: Manutención: prestación destinada a cubrir as necesidades de alimentación diaria, vestido e coidados básicos das persoas da unidade de convivencia independente. A contía a percibir terá unha duración máxima de 3 mensualidades nun período dun ano . Baixo criterio técnico, podería ser ampliado ata un máximo de 6.



<i>MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR</i>	<i>CONTÍA MÁXIMA SUBVENCIONABLE</i>
1	40% do IPREM x 3 mensualidades
2	50% do IPREM x 3 mensualidades
3	60% do IPREM x 3 mensualidades
4	70% do IPREM x 3 mensualidades
5 ou máis persoas membro da unidade familiar	Un 10% máis por cada persoa a maiores ata o máximo do 100% do IMPREM x 3 mensualidades

Cobertura de gastos socio-sanitarios e farmacéuticos de carácter urxente: para a adquisición de menciñas na porcentaxe non cuberta polo sistema sanitario, e daquelas non incluídas polo sistema público. Ambos casos acreditando a súa prescrición polo persoal médico de referencia do sistema público de saúde. Igualmente cobertura de elementos protésicos e axudas técnicas, debendo contar en todo caso co correspondente informe favorable do/a traballador/a social do Concello do Rosal.

Contía da axuda: 100% do custo ata un máximo do 100% do IPREM. No caso de medicación poderanse solicitar ate 3 veces ao ano, sempre tendo como referencia un custo que non deberá superar o 100% do IPREM no mesmo ano. No caso de axudas técnicas, poderase realizar unha solicitude única ao ano tendo como límite de gasto o mesmo do 100% do IPREM no mesmo ano. Igualmente para solicitar unha axuda para o mesmo tipo de Prótese ou axuda técnica, terán que transcorrer cando menos 2 anos.

Aloxamento e Mantemento da Vivenda

Fianza do alugueiro da vivenda: Duración máxima da axuda: unha única vez. Contía da axuda:

100% do custo da fianza ata un máximo do 100% do IPREM €.

Alugueiro da vivenda habitual: Duración máxima da axuda: 4 meses* nun período de 12, sempre e cando existan garantías de continuidade da vivenda. A débeda deberá quedar acreditada con documentación e declaración xurada do/a arrendador/a. Contemplaranse débedas contraídas por residentes que poidan vivir en vivendas colectivas. * Poderase ampliar sempre que haxa crédito dispoñible na partida orzamentaria creada ao efecto.

Contía da axuda:

<i>MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR</i>	<i>CONTÍA MÁXIMA SUBVENCIONABLE</i>
1–2 persoas membro	Contía do alugueiro ata un máximo do 55% do IPREM x 4 mensualidades
3–4 persoas membro	Contía do alugueiro ata un máximo do 65% do IPREM x 4 mensualidades
5 persoas ou máis	Contía do alugueiro ata un máximo do 75% do IPREM x 4 mensualidades



Xoves, 9 de xuño de 2022

Núm. 110

Aloxamento de urxencia: Deberá estar motivado por cuestión de extrema gravidade así valorada polo/a traballador/a social Municipal. O aloxamento alongarase ata a obtención dun aloxamento alternativo, e a contía máxima será valorada polo concello en base á gravidade, necesidade e número de persoas, que se acreditará mediante informe social emitido polo/a traballador/a social de referencia.

Mantemento de Vivenda: que sexa residencia habitual, real e efectiva de quen a solicita, sempre que estea situada dentro do termo municipal do Rosal e, dirixidas a sufragar os gastos derivados polos seguintes conceptos:

Débedas de subministro (luz, gas ou auga): A contía máxima a financiar será ata o 100% dunha mensuralidade do IPREM para o pago de facturas no período dun ano.

Equipamento mobiliario básico da vivenda: mobles ou electrodomésticos de 1ª necesidade, máximo 1 vez ao ano.

2.—Prestacións para afrontar situacións de risco social.

A) Fomento do dereito á educación e á participación da infancia e da xuventude Concepto: Financiamento de cotas de Escolas Infantís, comedores escolares , ludotecas, campamentos e outras actividades valoradas como idóneas con informe técnico emitido desde o Programa de Educación Familiar.

Igualmente poderanse sufragar gastos por mor de matrícula, materiais, desprazamentos, aloxamento, estudos ou outros destinadas a estudantes de formación profesional, nos seus ciclos de grao medio e superior, bacharelato ou universidade, sempre e cando se contemplan a nivel técnico como necesarias, e non haxa outro programa municipal ou de outras administracións que acheguen financiamento ao mesmo concepto. No caso de existiren liñas de financiamento para o mesmo fin, as persoas usuarias deberán ter resposta de denegación das mesmas para poder optar a esta liña de emerxencia.

Contía máxima: Sufragaranse os gastos educativos para os que se solicite a axuda ata un máximo de:

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	CONTÍA MÁXIMA SUBVENCIONABLE
1-2 persoas	40% do IPREM nun pagamento único
3-4 persoas membro	50 % do IPREM nun pagamento único
5 persoas ou máis	60% do IPREM nun pagamento único

B) Actividades de inserción-socio laboral (matrícula, material). Desenvolvemento de actividades de formación prelaboral ou de inserción socio-laboral e educación ou aprendizaxe para emprego. Duración da axuda: unha única vez nun período de 12 meses. Contía da axuda: 100% do custo ata un máximo do 50% do IPREM.

C) Gastos de Transporte. Poderanse cubrir gastos de transporte para acudir a actividades educativas, prelaborais, laborais ou de fomento da inserción. Igualmente se poderá financiar o transporte para acudir a tratamentos terapéuticos necesarios para garantir procesos de inserción



Xoves, 9 de xuño de 2022

Núm. 110

social. Duración da axuda: unha única vez nun período de 12 meses. Contía da axuda: 100% do custo ata un máximo do 50% do IPREM .Xuntarase como documentación: xustificantes de asistencia ás consultas médicas ou hospitalarias de ser o caso.

1.—Outros gastos excepcionais non contemplados nos apartados anteriores.

Poderá facilitarse o abono de axudas a persoas e familias en situacións non contempladas nesta ordenanza, cando a súa necesidade para un proceso de inclusión social sexa avalada por Informe Social emitido polo/a traballador/a sociais de referencia e sempre que haxa crédito dispoñible na Partida Orzamentaria creada ao efecto.

TÍTULO III. CRITERIOS DE VALORACIÓN

ARTIGO 10. INDICADORES

a) Indicador económico:

Considérase que non se dispón de ingresos suficientes con que atender total ou parcialmente os gastos específicos de carácter básico, cando os recursos económicos mensuais da unidade familiar non sexan superiores ao 90% do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) incrementándose da seguinte maneira por cada membro da unidade familiar a partir do segundo:

- unidade familiar de 2 membros:105% do importe do IPREM
- unidade familiar de 3 membros: 120% do importe do IPREM
- unidade familiar de 4 membros: 135% do importe do IPREM
- unidade familiar de 5 membros: 150% do importe do IPREM
- A partir de unidades familiares de 6 membros, incrementarase o límite económico no 10% do IPREM por cada membro .

Descontaranse destes ingresos, de ser o caso:

- 100% dos gastos procedentes das cotas dos Centros Especiais para Persoas con Discapacidade.
- Ata un máximo de 150€/mes dos gastos procedentes da vivenda habitual (préstamo hipotecario ou alugueiro),

Para determinar os ingresos a partir dos cales procede o recoñecemento das axudas, terase en conta os ingresos de toda a unidade familiar:

— Computarase como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos líquidos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outro título, nos tres meses anteriores á data de solicitude; terase en conta a última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, cando esta non proceda ou non sexa obrigatorio realizala, acreditaranse os ingresos por certificación dos organismos correspondentes.



— A existencia de propiedades de natureza rústica ou urbana, excluída a vivenda habitual, que poidan ser obxecto de alleamento ou aluguer.

— No caso de existencia de recursos diñeirais depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computaranse asemade o 100% da cantidade depositada.

— Para o cómputo final dos ingresos descontaranse os alugueres e hipoteca da vivenda, ata o límite de 150 euros mensuais e o 100% dos gastos procedentes das cotas dos Centros Especiais para Persoas con Discapacidade.

b) Situación de risco e/ou exclusión social: Para valorar a situación de risco ou exclusión social tomarase como referencia o establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia no Artigo 3. Elaborándose informe social que recolla dita situación.

ARTIGO 11. INCOMPATIBILIDADE

Os diferentes conceptos financiáveis non serán incompatibles entre si. En todo caso, e de xeito combinado, a contía máxima a achegar en cómputo anual, por parte do concello do Rosal e no marco desta Ordenanza non poderá exceder os 1500€ por persoa e/ou familia, agás circunstancias extraordinarias e debidamente informadas polos servizos sociais do Concello.

ARTIGO 12. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

Recibida a solicitude coa documentación anexa procederase a realización do estudo e informe social do/a traballador/a social que versará sobre:

- Datos da unidade de convivencia das áreas de vivenda, formación, emprego, saúde, redes de apoio, ect.
- Cumprimento dos límites cuantitativos para acceder as axudas.
- Cumprimento dos límites máximos acumulados por ano.
- Diagnose social.
- Valoración e proposta de intervención con obxectivos a traballar a curto, medio e longo prazo.
- As axudas previas estean xustificadas, así como avaliación positiva dos obxectivos marcados.

TÍTULO III. XESTIÓN, ABONO E XUSTIFICACIÓN

ARTIGO 13. PAGAMENTO DAS AXUDAS

En atención ao seu carácter social, o pagamento das axudas reguladas nesta Ordenanza requirirá da solicitude xunto coa documentación requirida da persoa interesada e do previo informe de avaliación dos servizos sociais.



A necesidade de respostas económica á situación de emerxencia pode esixir o pago urxente, sen cuxa realización inmediata resulte ineficaz a concesión. A apreciación ou non da urxencia constatará de ser o caso no diagnóstico social emitido polo/a traballador/a social de referencia e na proposta de resolución do expediente.

Nos procedementos ordinarios, o pagamento deberá efectuarse no prazo máximo dous meses desde a data de rexistro da solicitude. Non obstante, e sempre que a traballadora social que informe a solicitude o considere de extrema urxencia, o pagamento efectuarase no prazo máximo de 3 días hábiles.

En función da clase de axuda de que se trate, o seu importe poderá facerse efectivo mediante transferencia bancaria ás persoas beneficiarias ou ben mediante ingreso directo ós seus provedores, arrendadores ou subministradores.

Os prazos de pagamento indicados neste artigo quedan supeditados ao seu reflexo no plan de disposición de fondos que aprobe o órgano municipal correspondente.

ARTIGO 14. XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

No caso de terse efectuado pago directo ao beneficiario/a da axuda, a xustificación realizarase mediante presentación no Concello da factura ou recibo de aluguer, xunto co documento acreditativo do pagamento, xeralmente transferencia bancaria, xustificante de pago mediante tarxeta ou similares.

No caso de realizarse o pago delegado por parte do Concello unha vez recibida a factura a nome deste, dito pago será xustificación suficiente.

ARTIGO 15. OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA

Destinar a axuda á finalidade concedida.

Acreditación ou xustificación da realización da actividade financiada, e do cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión da axuda.

Permitir e facilitar a actuación dos Servizos Sociais para avaliar a situación e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que se concedeu.

Comunicar ao Concello calquera variación que se produza na situación socio-económica e familiar no prazo de 10 días.

ARTIGO 16. REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR

A falsidade dos datos ou documentos achegados pola persoa perceptora da axuda, a non xustificación ou o feito de destinar a axuda a un fin distinto daquel para a que foi concedida, implicará o impedimento de presentar unha nova solicitude por un período de dous anos, sen prexuízo das responsabilidades que desta conduta se puideran derivar.



Xoves, 9 de xuño de 2022

Núm. 110

Procederá a revogación da axuda e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento de aboamento da axuda, nos seguintes supostos:

Incumprimento da obriga de xustificar ou da finalidade para á que foi concedida a axuda.

Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que servirán de base para a concesión ou obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas, ou o incumprimento das obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.

Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión.

Igualmente, procederá o reintegro do exceso nos supostos, en que, por concesión de axudas doutras administración públicas, a contía das axudas outorgadas supere o custo da actividade para a que se concedeu a mesma.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo aquilo non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na normativa vixente.



Xoves, 9 de xuño de 2022

Núm. 110

ANEXOS

ANEXO I – SOLICITUDE DE EMERXENCIA SOCIAL

DATOS DO/A SOLICITANTE:

NOME E APELIDOS		DNI	
ENDEREZO		CP	
TELEFONO		email	

DATOS DO/A REPRESENTANTE (SE PROCEDE):

NOME E APELIDOS		DNI	
ENDEREZO		CP	
TELEFONO		PARENTESCO	

DECLARO:

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que xunto son certos, non existindo omisión de datos.

Que son coñecedor/a das posibles responsabilidades administrativas e incluso penais existentes en supostos de ocultación, falseamento de datos ou calquera outra actuación fraudulenta para obter as axudas dirixidas a cobertura das mesmas necesidades.

Que achego a documentación preceptiva segundo se recolle na ordenanza municipal e

SOLICITO:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:C1R1047XH8EAJHF3



Xoves, 9 de xuño de 2022

Núm. 110

Que, logo de efectuados os trámites oportunos, especialmente a elaboración polos servizos sociais comunitarios do informe de valoración social con proposta de idoneidade da axuda que solicito e do resto dos informes e documentos pertinentes para completar o expediente, dite a resolución pola que se acorde a concesión da axuda/s.

A de Do 2022

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Ordenanza reguladora da concesión de axudas de emerxencia social do Concello de Rosal.

Sr/a. Alcalde/sa Concello de ... (Persoa con delegación)

Sinatura do/a Solicitante ou Representante Legal

Asdo.:

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados ao ficheiro de Servizos Sociais, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicie a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral de entrada do Concello do Rosal.



Xoves, 9 de xuño de 2022

Núm. 110

ANEXO II - OBRIGAS ADQUIRIDOS POLO/A PERSOA SOLICITANTE

A persoa abaixo asinante reconece estar informada das obrigas das persoas perceptoras das axudas de emerxencia social, segundo o artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de concesión de prestacións de carácter económico para situación de emerxencia social. As obrigas son as seguintes:

Destinar o importe das prestacións económicas ás finalidades para as que foi outorgado.

- Permitirlles e facilitarles o labor ás persoas designadas para verificar a situación económica e familiar, sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.
- Cumprir as condicións que poidan establecerse ou acordarse na concesión das prestacións ao titular para que, polos seus propios medios, poida superar a situación de necesidade da unidade familiar.
- Non exercer a mendicidade, nin inducir a practicala aos membros da unidade familiar.
- Escolarizar os/as menores ao seu cargo que se atoparen en idade escolar obrigatoria.
- Incluírse, se o departamento o ve recomendable, no programa de Educación Familiar.
- Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade (sempre e cando o importe recibido supere o gasto para o que se solicita a axuda)
- Comunicar calquera variación da súa situación socioeconómica, cambio de domicilio, ou circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda.

Como posible persoa beneficiaria das axudas de emerxencia social, comprométome a cumprilas, e asino o presente documento como proba nese sentido.

RECIBIDO E INFORMADO/A

No Rosal, a de do 20....

Asdo.

A persoa beneficiaria ou representante legal

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:C1R1047XH8EAJHF3



Xoves, 9 de xuño de 2022

Núm. 110

ANEXO III - DECLARACIÓN DE AXUDAS E OBRIGAS

D/D^a

_____ con DNI _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE

- Que non recibín axudas polo mesmo concepto por parte doutro organismo, entidade ou Administración de carácter público ou privado, benéfica ou asistencial, que cubran a totalidade da necesidade pola que se solicita a prestación.
- Que si recibín axudas ou as teño solicitadas, polos mesmos conceptos que esta axuda por parte depor un total.....€, en data.....
- Que non incumpro as obrigas por reintegro de subvencións.

En, a ____ de _____ de 20__.

Asdo:

A persoa beneficiaria ou representante legal.



Xoves, 9 de xuño de 2022

Núm. 110

Contra o presente Acordo , poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O Rosal, 1 de xuño de 2022

A Alcaldesa,

Ánxela Fernández Callís

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:C1R1047XH8EAJHF3

